## A compostaxe doméstica afiánzase como práctica ambiental de referencia nos concellos galegos

Marín sumouse á iniciativa e os municipios de O Rosal, Burela, Monforte de Lemos e Xove demandaron máis composteiros



O programa de compostaxe doméstica de Sogama suma e segue a súa evolución positiva con novas incorporacións e ampliacións contribuíndo a que os concellos poidan avanzar cara a un modelo de desenvolvemento que fomente a economía circular e que propicie a conversión de residuos en recursos.

O concello pontevedrés de Marín decidiu adscribirse a principios de abril a fin de poñer en valor a materia orgánica e promover a súa reciclaxe en orixe. Inicialmente, o proxecto circunscribírase á parroquia de

Pardavila, incorporando un centenar de vivendas que dispoñen de terreo (horta, xardín ou terra de cultivo) no que aplicar o compost resultante. O curso de formación presencial foi aproveitado para repartir os 100 composteiros subministrados pola empresa pública, con capacidade para 350 litros e fabricados con materiais reciclados e reciclables.

Os municipios nos que se ampliou o programa foron O Rosal, tamén en Pontevedra, onde 20 novas familias se unen á iniciativa e xa suman case 200. Na provincia de Lugo foron Burela,

con 40 novos recipientes (134 en total), Monforte de Lemos, con 25 (125 en total), e Xove con 20 (84 en total).

Pola súa banda, técnicos ao servizo do concello de As Pontes de García Rodríguez unha nova visita de seguimento para comprobar a marcha do novidoso programa combinado de compostaxe doméstica e vermicompostaxe. O concello coruñés foi o primeiro no que se instalou este programa piloto e seguiron Narón e Carballo. ●



Sogama dá servizo a 294 dos 317 concellos galegos.

## Preto de 600 profesionais formados a través dos cursos online de Sogama

Cun perfil moi diverso, o seu obxectivo común era mellorar a súa formación ambiental e coñecer os pormenores da xestión dos residuos domésticos en Galicia

Preto de 600 profesionais do ámbito ambiental, educativo e administrativo foron formados na xestión sostible dos residuos urbanos grazas aos sucesivos cursos online que a empresa puxo en marcha para responder aos seus intereses.

Con 30 e 50 horas lectivas, e clasificados entre cursos básicos e avanzados, a entidade impartiu 12 actividades formativas nas que participaron profesores de educación infantil, primaria e secundaria; alcaldes, concelleiros e técnicos dos concellos adscritos ao seu modelo de xestión; así como membros da Academia Galega

de Seguridade Pública e axentes da Garda Civil.

Todos tiñan un obxectivo común: desgranar os pormenores da xestión dos residuos domésticos, coñecer os distintos sistemas de tratamento existentes, así como a normativa comunitaria na materia e profundar no modelo Sogama por ser o maioritario na comunidade galega, tendo en conta que aglutina ao maior número de entes locais (294 concellos, que representan a unha poboación superior aos 2.260.000 habitantes).

En todos os casos, os programas estaban

integrados por dez temas asociados a outros tantos test que os alumnos debían aprobar para superar a actividade formativa. Os servizos de tutoría foron exercidos por dous técnicos ao servizo de Sogama, que se encargaron igualmente de motivar e dinamizar a intervención dos participantes para propiciar o intercambio de experiencias e coñecementos.

### Próxima edición

Sogama xa se atopa traballando nos contidos dos próximos cursos, que xirarán ao redor da educación ambiental como garantía para un futuro mellor. ●

Actualidade

## Aeversu impidiu en 2017 o vertido de máis de 2,5 millóns de toneladas de residuos non reciclables

Os case dous millóns de megavatios de enerxía producida abastecerían a unhas 500.000 vivendas



A valorización enerxética da fracción non reciclable do lixo dá emprego en España a máis de 2.500 profesionais cualificados.

As 11 plantas (10 en España e 1 en Andorra) integradas na Asociación Española de Empresas de Valorización Enerxética (AEVERSU) conseguiron valorizar enerxeticamente o ano pasado 2.566.647 toneladas de residuos non reciclables, evitando o seu depósito en vertedoiro e, en consecuencia, o seu negativo impacto sobre o medio ambiente e a saúde. A enerxía producida, 1.997.198 MWh, sería suficiente para abastecer unhas 500.000 vivendas.

Seguindo un proceso de mellora continua, todas as instalacións tamén reforzaron a súa operativa para facer posible unha xestión máis eficaz e eficiente dos residuos procesados a fin de convertelos, coas máximas garantías ambientais, nunha "enerxía verde". Prova disto son os niveis de emisión á atmosfera, situados en todos os casos moi por baixo dos límites

legais, e isto malia que estas plantas están sometidas a rigorosos controis, superiores ata aos que rexen para outras infraestruturas.

Non obstante, e a diferenza do que acontece nos países do norte de Europa, a valorización enerxética resulta claramente insuficiente en España, cun exíguo 14%, circunstancia que dispara o vertido ata un insostible 57%.

É por isto que este sistema de tratamento finalista reivindica o seu papel crucial para que o noso país poida avanzar con paso firme cara a un modelo circular de desenvolvemento no que prime o máximo aproveitamento dos produtos e a conversión de residuos en recursos.

**Oportunidade para o emprego verde**  
Neste camiño tamén é clave a oportunidade para o emprego verde

que representa a o sector dos residuos en xeral, e o da valorización enerxética en particular. A día de hoxe, este último dá emprego en España máis de 2.500 persoas (1.000 directas e 1.425 indirectas e inducidas), destacando que, na súa maioría, son postos de traballo altamente cualificados e estables. ●

### Que plantas están adscritas a Aeversu?

Tirme, nas Illas Baleares; Zabalgarbi, no País Vasco; Trargisa, Mataró, Sirusa e Tersa, en Cataluña; Remesa, en Melilla; Tircantabria, en Cantabria; Tirmadrid, en Madrid; Sogama, en Galicia, e Ctrasa, en Andorra.



Portada do novo conto dos Bolechas.

## Os Bolechas ensinan aos pequenos da casa a xerar menos residuos

A colección amplíase cun novo título: "Como producir menos lixo"

A menor produción de residuos en orixe constitúe o primeiro paso na xestión eficiente e sostible dos mesmos. Este é o punto de partida do novo conto dos Bolechas promovido por Sogama coa colaboración da Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio.

Baixo o título "Como producir menos lixo", estes personaxes de ficción da literatura infantil galega proporcionan

as claves para minorar a xeración de lixo en distintos escenarios.

### Como a vida mesma

Así, no supermercado, recomendan o uso do carriño da compra, a reutilización da bolsa de tea ou rafia e a adquisición de produtos a granel. Na casa imponse a utilización de panos de tea, a donación de roupa que xa non

se usa e a diminución do desperdicio alimentario, cociñando as racións xustas e aproveitando as sobras.

A publicación conclúe cunha serie de actividades coas que os escolares teñen a oportunidade de poñer a proba os seus coñecementos. ●

[Ler aquí o novo conto dos Bolechas](#)



## Os tres erres, ao alcance de todos

É o título na nova publicación divulgativa editada por Sogama para trasladarlle aos cidadáns as boas prácticas na xestión dos residuos

Baixo o título “Os tres erres, ao alcance de todos”, a Sociedade Galega do Medio Ambiente lanzou unha publicación coa que pretende trasladar aos cidadáns as boas prácticas na xestión sostible dos residuos urbanos, facendo fincapé na prevención e na redución, na reutilización ou alongamento da vida útil dos produtos, e na separación en orixe para propiciar o posterior reciclado dos materiais.

Dado que o mellor residuo é o que non se produce, a entidade proporciona unha serie de claves e consellos para xerar menos lixo e alongar a vida útil dos produtos. Así mesmo, detalla a relación de materiais que deben e non deben ser depositados en cada contedor de recollida selectiva, advertindo dos erros e confusións máis comúns.

A entidade conclúe a súa secuencia de recomendacións cunha clara apelación á responsabilidade compartida como clave para realizar, con plenas garantías, o tránsito desde a actual economía lineal a unha circular. ●

[Descarga aquí o folleto “Os tres erres, ao alcance de todos”](#)

## O Parlamento Europeo aposta por limitar o uso do vertedoiro

A Eurocámara legislará para que o vertido se converta na excepción e non na norma a seguir, limitándoo ao 10% para 2035



O Parlamento Europeo dou, o pasado 19 de abril, o seu visto e parece a varias iniciativas legislativas sobre xestión sostible de residuos e economía circular, posicionándose a favor de impulsar a reciclaxe e limitar o uso do vertedoiro, dadas as súas negativas consecuencias para o medio ambiente e a saúde.

O obxectivo é que a Unión Europea deixe atrás o imperante modelo de vida lineal e avance cara a un circular no que os produtos e os materiais se manteñan o maior tempo posible na economía, propiciando así un maior aproveitamento dos produtos e

unha menor xeración de refugallos, circunstancia que contribuirá a preservar os xa escasos recursos naturais. Ademais de todo isto, avanzar cara á economía circular aumentará a subministración de materias primas, impulsará a competitividade, a innovación, o crecemento e, por suposto, a creación de emprego.

### Ten que ser a excepción

Neste marco, a Eurocámara quere que o vertido se converta na excepción e non na norma a seguir, e por iso apoia limitalo ao 10% para 2035. Así mesmo, pretende promover o reciclado a

través do cumprimento dunha serie de obxectivos establecidos para os próximos anos: 55% para 2025, 60% para 2030 e 65% para 2035. Aposta tamén pola recollida selectiva dos refugallos biodegradables e a reciclaxe da fracción orgánica no fogar a través da compostaxe doméstica. A redución do desperdicio alimentario constitúe outra das súas preocupacións, pretendendo rebaxalo nun 30% para 2025 e nun 50% para 2030.

Todas estas propostas legislativas serán remitidas agora ao Consello para a súa aprobación formal antes da súa publicación no Diario Oficial da UE. ●

## Multimedia



### Os traxes de baño son para o verán

Que friaxe vai fóra. E que gusto entrar na casa... Aínda que ben pensado parece que vai calor de máis... E Anselmo anda en traxe de baño... Este home perdeu a cabeza! ●

[Mira aquí o ecoconto Planeta Verde \(capítulo 35\)](#)

### Xogo escolar "Nesta casa non se tira nada"

A campaña "[Comer si, tirar non](#)" non se esquece dos máis pequenos e para eles está pensado o xogo didáctico "Nesta casa non se tira nada". A través del, os nenos aprenden a dar unha saída eficiente aos distintos tipos de alimentos en función das súas características, evitando en todo momento que se convertan en residuos. ●

[Descarga aquí o xogo "Nesta casa non se tira nada"](#)



### Microvídeos contra o desperdicio alimentario

Unha imaxe vale máis mil palabras e por iso, que mellor que ver estes seis microvídeos da campaña "[Comer si, tirar non](#)" que conceptualizan as ideas clave para aplicalas no noso día a día! ●

Míraos aquí:

- Cantos cartos perdes tirando alimentos ao lixo?
- Cantas persoas poderían alimentarse coa comida que tiramos?
- Sabías que no mundo se despilfarra 1/3 dos alimentos que se producen
- O fogar, un dos maiores xeradores de desperdicio alimentario
- O desperdicio alimentario, fonte de emisións de CO<sub>2</sub>
- Loitar contra o desperdicio alimentario é posible



[Volver á portada](#)

## A intelixencia artificial ao servizo do consumo responsable e sostible

Un proxecto europeo de innovación, no que participa o centro tecnolóxico español Ainia, entre outros, permite a supermercados e grandes superficies coñecer as tendencias e comportamentos de compra dos consumidores, á vez que a estes lles ofrece información personalizada sobre produtos do seu interese. O proxecto contéplase como unha solución tecnolóxica bidireccional dirixida tanto aos clientes como ás empresas de distribución, posibilitando a interacción entre ambos.

A información adicional dada vai máis aló da básica proporcionada na etiqueta, incorporando datos sobre responsabilidade social corporativa, procedencia das materias primas utilizadas, comercio xusto, trato animal, etc.

A plataforma está conformada por unha base de datos de artigos alimenticios, un sistema de intelixencia artificial co que adecuar estes aos perfís dos consumidores, unha app denominada "My Prefs", que permite interactuar co consumidor, e un sistema de posicionamento co que ubicar ao cidadán no supermercado. ●



## Mozos con síndrome de Down desenvolven un videoxogo sobre reciclaxe

Con isto preténdese evidenciar que a programación e a tecnoloxía non constitúen barreiras para as persoas con síndrome de Down e que, a través das mesmas, se poden potenciar capacidades tales como a xestión da información, autonomía, comunicación, alfabetización dixital e o desenvolvemento do pensamento creativo.


Os rapaces desprázanse todos os venres ás instalacións da Facultade de Educación da Universidade

Complutense de Madrid para participar nun taller de programación con scrath que imparten Voluntarios Telefónica e Down Madrid, e no que tamén colaboran Mozos Inventores.

Esta iniciativa douse a coñecer o Día Mundial da Síndrome de Down (21 de marzo) no marco da campaña "Auténticos", a través da cal se mostra a persoas deste colectivo tal e como son: inimitables, espontáneas e xenuínas. ●



## O teu ticket da compra marca o camiño da reciclaxe



TheCircularLab, o centro de innovación de Ecoembes situado en Logroño (La Rioja), acolleu unha proba piloto do programa TagItSmart, iniciativa financiada pola Comisión Europea dentro do programa Horizonte 2020. O seu obxectivo é converter cada artigo cotián nun obxecto "intelixente" mediante un sistema dixital que garanta a súa trazabilidade.

Neste marco, a cadea de supermercados Carrefour, xunto coa

plataforma educativa Dondelotiro.com, ensaia unha aplicación orientada a informar aos seus clientes, a través de tickets de compra intelixentes, sobre como separar os produtos consumidos, e xa convertidos en residuos, a fin de que sexan posteriormente reciclados. Un ticket dotado cun código de barras indicará, nunha realidade virtual, os contedores de destino de cada material. ●

## Eventos

### A Hora do Planeta apaga as luces do mundo



O último sábado de marzo, o día 24, a Hora do Planeta logrou escurecer moitos lugares do mundo. Máis de 10.000 monumentos e edificios emblemáticos de 180 países apagaron as súas luces entre as 20:30 e as 21:30 horas para sumarse ao maior movemento ambiental de todos os tempos, que promove a organización de conservación da natureza WWF.

En Galicia, este xesto tamén foi adoptado polo Edificio Administrativo de San Caetano e a Cidade da Cultura, pretendendo con isto concienciar á sociedade sobre a necesidade de protexer a contorna. A nivel nacional, a iniciativa contou coa participación de 450 municipios, ademais de numerosas empresas e organizacións.

Desde que se estreou hai 11 anos

en Sidney (Australia), cun total de 2,2 millóns de seguidores nesta cidade, a Hora do Planeta converteuse en todo un fenómeno de masas.

Apagar as luces, usar o transporte público, diminuír o consumo de plástico dun só uso e practicar os tres erres (redución, reutilización e reciclaxe) constitúen medidas cun extraordinario impacto positivo sobre o planeta. ●

### Nimega, Capital Verde 2018

A cidade máis antiga dos Países Baixos fíxose con este galardón grazas ás súas políticas de adaptación ao cambio climático, ao incondicional apoio á mobilidade sostible, á xestión racional da auga e dos residuos, e á implicación dos seus cidadáns nas accións medioambientais. O seu obxectivo final é que a urbe sexa climaticamente neutra en 2045.

O impulso ao transporte ecolóxico levounos a construír máis de 60 quilómetros dunha "superautopistas para bicicletas", propiciando que máis do 65% das persoas que visitan a cidade e o campus universitario de Heyendall se movan a través deste medio.

Así mesmo, co proxecto "Room for the River Waal", e que se centraba en dragar unha canle auxiliar adicional detrás dun dique xa existente, conseguiron unha maior protección fronte ás inundacións, representando igualmente novas oportunidades residenciais e de lecer.

Por último, a redución e a reciclaxe constitúen o plan de acción sobre o que pivota a xestión dos refugallos, levando a cabo campañas de concienciación para que os cidadáns os conciban como recursos.

#### Autoesixencia

O galardón de Capital Verde xerou máis actividade organizando máis e diversas accións cidadás agrupadas baixo a iniciativa "The Green Capital Challenges" (Os retos da Capital Verde). ●



## Europa encabeza a loita contra os residuos plásticos

A adopción da primeira Estratexia sobre plásticos permitiu, a xuízo da Comisión Europea, sentar as bases para unha nova economía sostible do plástico, constituíndo igualmente un elemento clave na transición cara a unha economía circular e baixa en carbono, ademais de representar un avance no cumprimento dos Obxectivos de Desenvolvemento Sostible 2030 e os propios do Acordo de París.


Tres das primeiras pretensións da Estratexia é que, antes de 2030, todos os envases plásticos do mercado da UE sexan reciclables ou reutilizables, ademais de que se reduza o consumo daqueles de usar e tirar, e que se restrinxa a utilización deliberada de microplásticos.

Rendibilizar a súa reciclaxe, reforzar a innovación e dar a coñecer as oportunidades de financiamento son outros dos obxectivos da Comisión Europea que se suman a un global e de gran alcance: conseguir unha taxa de reciclaxe do 50% dos refugallos plásticos antes de 2040.

A estratexia contempla igualmente distintas medidas para facer fronte ao lixo mariño, toda vez que o 80% procede do plástico. ●



## Monitorización dos residuos plásticos mariños dende o espazo



A Axencia Espacial Europea (ESA, polas siglas en inglés) ensaia a monitorización dos residuos plásticos mariños dende o espazo. A súa pretensión é elaborar un mapa no que se reflectan as maiores concentracións e comprender así a magnitude dun problema que trae consigo graves

prexuízos para os ecosistemas, a fauna mariña, o turismo, a pesca e a alimentación.

O obxectivo deste novo proxecto é avaliar a viabilidade de medir opticamente, e vía satélite, os residuos plásticos mariños, unha misión que, aínda que aparentemente

complexa, a xuízo da ESA pode levarse a cabo.

Na actualidade hai dous equipos humanos traballando en paralelo nesta iniciativa. O que dirixe Argans Limited, en Francia, e o que coordina Plymouth Marine Laboratory, no Reino Unido. ●



## Eventos

## Intensa campaña contra os residuos electrónicos

O pasado 21 de marzo, as organizacións do sistema de Nacións Unidas comprometéronse a estreitar a colaboración e coordinación en aras dunha xestión máis sostible dos residuos electrónicos (RAEE). As entidades signatarias da Carta de Intención son ONU Medio Ambiente, Unión Internacional de Telecomunicacións, Universidade das Nacións Unidas, Organización Internacional do Traballo, Convenio de Basilea e Estocolmo, Instituto das Nacións Unidas para Formación Profesional e Investigacións, e Organización das Nacións Unidas para o Desenvolvemento Industrial.

Agárdase que, tras un traballo conxunto neste ámbito, se chegue a desenvolver unha plataforma de intercambio de información que permita un coñecemento máis profundo do sector, achegando datos e estatísticas de interese.

## En España


A nivel nacional, cada español reciclou o pasado ano 5,30 quilos de RAEE, un 25% máis ca en 2015. Isto foi posible grazas ao traballo efectuado polos sistemas dedicados á xestión de residuos de aparellos eléctricos e electrónicos, coordinados á súa vez a través de OfiRae, así como á colaboración de todos os axentes da cadea. Desta forma, España logrou xestionar en 2017 preto de 247.000 quilos de RAEE, evidenciando o debido cumprimento da normativa europea na materia.



Os acordos e convenios de colaboración formalizados coas administracións autonómicas e locais, así como con outras entidades, contribuíron igualmente a alcanzar estes resultados. Tamén as campañas de concienciación social como a desenvolvida en Galicia baixo o lema "O que se enchufa recíclase".

Así mesmo, a Organización de Consumidores e Usuarios (OCU) insta a tomar medidas para loitar contra a obsolescencia programada. Con motivo do Día dos Dereitos do Consumidor o 15 de marzo, lanzou unha campaña coa que pretende recabar o apoio dos cidadáns para lograr que haxa unha lexislación que vele pola durabilidade e a reparabilidade destes produtos. ●

## O parche de lixo no Pacífico segue medrando



O gran parche de lixo do pacífico segue a medrar de forma exponencial. Un novo estudo publicado na revista "Scientific Reports" revela que o Great Pacific Garbage Patch (GPGP), emprazado a medio camiño entre Hawai e California, constitúe a zona da Terra que máis plástico acumula: 10 quilos por quilómetro cadrado e

alberga actualmente ata dezaseis veces máis residuos plásticos que os estimados con anterioridade.

A día de hoxe, flotan nesta área 1,8 billóns de pezas de plástico que representan un peso de 80.000 toneladas métricas. O 92% da masa está representada por obxectos grandes e o 8% por

microplásticos, con tamaño inferior a 5 milímetros.

Os últimos datos dispoñibles foron recabados a través dunha completa mostraxe realizada por 30 buques e un avión Hércules C-130 equipados con sensores avanzados que permitiron recoller imaxes multispectrais e escaneos 3D. ●

## Eventos

## “Proxectos Clima”, unha exitosa actuación para reducir as emisións contaminantes

O Mapama (Ministerio de Agricultura e Pesca, Alimentación e Medio Ambiente) lanzou unha nova convocatoria dos Proxectos Clima. O obxectivo que ampara esta actuación é diminuír as emisións de gases de efecto invernadoiro en sectores difusos tales como o transporte, residencial, gases fluorados, pequena industria, residuos ou agricultura.

A través das distintas edicións desta iniciativa xa se contabilizaron preto de 900 propostas presentadas, máis de 300 proxectos de redución de emisións seleccionados e 115 millóns de euros en contratos asinados, con capacidade para reducir as emisións en máis de 10 millóns de toneladas de CO<sub>2</sub> equivalente. Máis aló das evidentes vantaxes ambientais, estes proxectos reportan beneficios no ámbito económico e social.



O Ministerio confía en manter o éxito alcanzando en anteriores edicións e contribuír así a avanzar cara a unha economía máis verde, circular e hipocarbónica. ●

## Terceira edición de “Pajaritas Azules-Tu papel 21”

Aspapel (Asociación Española de Fabricantes de Pasta, Papel e Cartón) lanzou a terceira edición, do programa “Pajaritas Azules-Tu papel 21”, co que se pretende asesorar e recoñecer a calidade da xestión municipal no ámbito da recollida selectiva e a reciclaxe do papel e cartón.

Os destinatarios son os concellos de máis de 50.000 habitantes, agrupacións locais que superen esta cifra e que dispoñan dun servizo conxunto de xestión residuos, debendo contar con, alomenos, un municipio de máis de 40.000 habitantes, así como capitais de provincia.

### Calendario pechado

O 30 de xuño conclúe o período para que as entidades locais interesadas cubran o cuestionario cos datos necesarios para avaliar os 21 indicadores sobre os que se outorga a puntuación. O 28 de setembro, todo máis tardar, Aspapel comunicará o resultado e o 31 de outubro, conclúe a fase de avaliación. A partir desta data, as entidades xa disporán do seu informe, así como das recomendacións de mellora. A entrega das paxarelas farase efectiva no primeiro trimestre de 2019. ●



## Eventos

### Efemérides ambientais

De que datas temos que acordarnos?

- Día Internacional dos Bosques. "Bosques para unhas cidades sostibles" (21/03/18)
- Día da Auga. "Natureza para a auga" (22/03/18)
- Día Meteorolóxico Mundial. "Listos para ol tempo, preparados para o clima" (23/03/18)
- Día da Saúde (07/04/18)
- Día da Bicicleta (19/04/18)
- Día da Terra (22/04/18)

#### Marzo

| LUNES | MARTES | MIÉRCOLES                           | JUEVES                          | VIERNES                         | SÁBADO | DOMINGO |
|-------|--------|-------------------------------------|---------------------------------|---------------------------------|--------|---------|
|       |        |                                     | 1                               | 2                               | 3      | 4       |
| 5     | 6      | 7                                   | 8                               | 9                               | 10     | 11      |
| 12    | 13     | 14                                  | 15                              | 16                              | 17     | 18      |
| 19    | 20     | 21<br>Día Internacional dos Bosques | 22<br>Día Internacional da Auga | 23<br>Día Meteorolóxico Mundial | 24     | 25      |
| 26    | 27     | 28                                  | 29                              | 30                              | 31     |         |

#### Abril

| LUNES | MARTES | MIÉRCOLES | JUEVES                 | VIERNES | SÁBADO            | DOMINGO            |
|-------|--------|-----------|------------------------|---------|-------------------|--------------------|
|       |        |           |                        |         |                   | 1                  |
| 2     | 3      | 4         | 5                      | 6       | 7<br>Día da Saúde | 8                  |
| 9     | 10     | 11        | 12                     | 13      | 14                | 15                 |
| 16    | 17     | 18        | 19<br>Día da Bicicleta | 20      | 21                | 22<br>Día da Terra |
| 23    | 24     | 25        | 26                     | 27      | 28                | 29                 |

[Volver á portada](#)

# Receitario

## Un clásico reconvertido

Os cocidos galegos son famosos porque, se non sobra, é que eran bos! Aínda así, sempre se garda algún resto durante días na neveira... Hai quen os aproveita como recheo nas típicas empanadas aínda que hai outras opcións máis "actuais" e, ao mellor, máis atractivas para unha cea como esta hamburguesa de cocido galego que nos propón o noso amigo **Jorge Alonso**. Se tedes outras propostas, xa sabes, contádenlo en [Facebook](#) ou a [Twitter](#).



## Hamburguesa de cocido galego



Nivel de dificultade:

1

Fácil

2

Medio

3

Avanzado



Cantidades e ingredientes:

- Sobras do cocido (chourizo, polo, tenreira, costela, garavanzos triturados para que a masa quede máis homoxénea)
- Fariña
- Aceite de oliva
- 2-3 cebolas
- 60-80 g de azucre
- 1-2 tomates
- Follas de leituga
- Varias lascas de queixo cheddar
- Varias lascas de touciño entrefebrado



Onde vai que?



Restos de comida



Contedor xenérico ou composteiro



Elaboración:

1. Pasar as sobras pola batidora engadindo, se fose necesaria, auga do cocido para conseguir unha masa que se poida traballar coas mans para darlle a forma de hamburguesa.
2. Facer pelotas duns cinco centímetros de diámetro e esmagalas nunha táboa previamente enfariñada para que non se peguen. Reservar.
3. Cortar a cebola en tiras finas ao longo (cada unha dá para unhas tres hamburguesas máis ou menos).
4. Refogar a cebola nunha tixola e cando estea ao punto, engadir unha ou dúas culleradas de azucre. Calcular dependendo da cantidade de cebola que se puxese ao lume.
5. Engadir menos de medio vaso de auga, remexer lentamente e deixar que o azucre caramelic. Cando a cebola estea feita, manter ao mínimo na tixola mentres se fai a carne e o touciño. Isto é para que ao montar a hamburguesa aínda estea quente.
6. Facer a carne sen pasala moito porque xa está cocida. Con darlle un lixeiro toque dourado por cada cara será suficiente.



Presentación:

1. Sobre unha rebanda de pan de hamburguesa, colocar un toro de tomate, unha folia de leituga, a hamburguesa, un par de lascas de queixo, o touciño entrefebrado e coroadando, a cebola caramelizada. Tapar coa outra rebanda de pan e servir de contado para que non arrefría!

**Pero moito mellor que non sobre nada...Hai que loitar contra o desperdicio alimentario!**